

5. Queixas e suxestións: para a recepción de queixas e suxestións relativas aos procedementos, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas habilitará un enderezo de correo electrónico no Servizo de Seguridade Industrial.

O que se comunica para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

Ángel Bernardo Tahoces  
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 28 de xaneiro de 2010 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversas publicacións dos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia.*

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51, sinala que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, atendendo ás condicións e circunstancias do mercado eno que operen, sen prexuízo de que excepcionalmente se poidan aplicar subvencións reguladoras, logo de emitido o informe favorable pola Consellería de Facenda, para seren publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato, e despois de emitir o preceptivo informe favorable a Consellería de Facenda, esta consellería

#### DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos de venda ao público das publicacións editadas polos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse co IVE incluído.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

#### ANEXO

-*Olladas dunha época*. Fotografías do Fondo Blanco-Cicerón: 6 €

-Ramón Barreiro. *Humor, parodia e modernidade*: 10 €.

-*A realidade físico-deportiva das mulleres en Galicia*: 12 €.

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Corrección de erros.-Resolución do 4 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena a publicación do texto do acordo suscrito polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais Comisións Obreiras (CC.OO.), Unión Xeral de Traballadores (UGT), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-CSIF), representadas na mesa xeral de Negociación de Empregados Públicos, así como na Comisión de Repartición das axudas de Acción Social do ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 26 de novembro de 2009, sobre criterios de repartición do fondo de acción social da Xunta de Galicia para o exercicio do ano 2009.*

Logo de advertir erro na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 6, do martes, 12 de xaneiro, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 390, punto 6. Distribución de créditos do punto I Normas xerais, onde di: «6.1 En aplicación do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2008», debe dicir: «6.1 En aplicación do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2009».

#### ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

*Resolución do 28 de xaneiro de 2010 pola que se convoca un curso sobre actualización normativa en tráfico.*

Dentro das actividades programadas para o ano 2010, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria dun curso sobre actualización normativa en tráfico, conforme as seguintes bases:

1. Datos da actividade.

Denominación: actualización normativa en tráfico.

Tipo: curso.

Horas lectivas: 20.